

mediante Orde do 30 de xuño de 2009 (DOG nº 135, do 13 de xullo), de conformidade co establecido nas bases quinta e sexta da referida orde, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro.-Adxudicarlle destino no posto de traballo que se indica ao funcionario que se relaciona no anexo I desta orde.

Segundo.-O cesamento no destino actual do funcionario que obtivo praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo para a toma de posesión do novo destino será de tres días a partir do seguinte ao do cesamento de tratarse da mesma localidade onde actualmente o funcionario preste servizos, ou dun mes se radica en distinta localidade, de conformidade co establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e co disposto na base sétima da convocatoria.

Terceiro.-A xefatura do centro en que cause baixa o funcionario, así como a daquel en que obteña praza consignará no título administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión, das cales se lle dará traslado, mediante copia, á Dirección Xeral da Función Pública.

Cuarto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2009.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO

NRP: 3424424613 A2060.

Grupo: A.

Apelidos e nome: Rodríguez Álvarez, Antonio.

Posto de traballo: secretario xeral da academia.

Nivel: 30.

Código posto: PR.B01.00.006.36170.015.

Centro directivo: Academia Galega de Seguridade Pública.

Localidade: A Estrada (Pontevedra).

CONSELLERÍA DE FACENDA

Resolución do 4 de agosto de 2009, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de enxeñeiros técnicos forestais, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 7, do 10 de xaneiro de 2008), pola que se fai pública a baremación definitiva da fase de concurso.

En sesión que tivo lugar o día 4 de agosto de 2009, o tribunal nomeado pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 2 de outubro de 2008 (DOG nº 195, do 8 de outubro), para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de enxeñeiros técnicos forestais, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007 (DOG nº 7, do 10 de xaneiro de 2008), e de conformidade co establecido na dita orde,

ACORDOU:

Primeiro.-Vistas as reclamacións presentadas, faise público como anexo a esta resolución a baremación definitiva da fase de concurso, con indicación da puntuación obtida polos aspirantes en cada epígrafe, de acordo co disposto na base II.3.5 da orde da convocatoria.

Segundo.-De acordo co disposto na citada base da orde da convocatoria, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Facenda no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2009.

José Luis Chan Rodríguez
Presidente do tribunal

ANEXO

Puntuacións definitivas obtidas na fase de concurso do proceso selectivo de acceso ao corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia, grupo B, escala de enxeñeiros técnicos forestais

DNI	Apelidos e nome	Base	Base	Base	Base	Total
		II.3.2.1	II.3.2.2	II.3.2.3	II.3.2.4	
44447917A	Albarte Rivera, María José	0	6,8	1	0	7,8
76777722L	Araújo Fernández, José Manuel	0	0	17,8	0	16
10088919S	Barredo Silva, Hugo	0	0	0	0	0
44076975M	Barreiro Filgueira, Alfonso	0	1,8	0	0	1,8
18987457Z	Bernad Colas, María Isabel	0	0	0	0	0
44807236Q	Blanco Silva, Raquel	0	0	0	0	0
76578712M	Capón Domínguez, Manuel	0	8,6	0	0	8,6
77005746K	Carral Gómez, Lorena	0	0	0	0	0
33337325K	Carreira Fernández, Raquel	0	4	0	0	4
33326104R	Castro-Gil Seijas, José Rafael	0	8,6	0	0	8,6
33538968T	Cordal Cuba, Javier	0	0	0	0	0
33994031P	Díaz Doval, Jesús	0	0	24,8	0	16
33334485X	Estévez Vázquez, Mónica	0	12,4	0	0	12,4
33334253P	Fernández Cabanas, José María	0	4,2	0,4	0	4,6

DNI	Apelidos e nome	Base II.3.2.1	Base II.3.2.2	Base II.3.2.3	Base II.3.2.4	Total
76996350D	Ferro Fernández, Catuxa	0	0	0	0	0
33336357L	Gasalla Regueiro, Manuel	0	0	0	0	0
34959126T	Iglesias Montes, Roi	0	2	0,4	0	2,4
71504453Y	Martínez Álvarez, Víctor Manuel	0	0	0	0	0
30794817W	Miguel Espejo, Ángela de	0	0	0	0	0
36141855T	Moreda Rodríguez, Edna	0	4,2	3	0	7,2
76719173M	Mosquera González, Juan Manuel	0	8	2,2	4	14,2
46901856A	Naveiras de Uña, Beatriz	0	0	0	0	0
76969538S	Otero Alcalde, Alejandro	0	0	0	0	0
34897870Q	Pardo Sorribas, María José Reyes	0	7	3,2	0	10,2
53110213Q	Pazos Pintos, Amalia Elsa	0	0	13,2	0	13,2
44815060C	Piñeiro Tubio, Xosé Alberte	0	3,6	0	0	3,6
33341070V	Rodríguez Gayoso, José	0	0	0	0	0
44076289D	Salvado Garaboa, Roberto	0	9	3	0	12
44448404F	Todea González, Antonio	0	1,8	0	0	1,8
76415472L	Vázquez Rey, Jorge	0	8,6	0	0	8,6
76778180V	Vidal Ces, Pablo	0	25	0	0	16
50086741D	Yuste Heredero, Ignacio Manuel	0	2,2	6,8	0	16

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 4 de agosto de 2009 pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

De conformidade co establecido no artigo 29.2º do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 17.4º do mesmo decreto, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as de carreira que reúnan as condicións que para o posto de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (edificio administrativo San Caetano s/n, Santiago de Compostela), nos seus departamentos territoriais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe como anexo II.

Cuarto.-Os/as aspirantes deberán unirlle á petición un *curriculum vitae* xustificando documentalmente os méritos que aleguen.

Quinto.-No caso de que resulte seleccionado/a para ocupar o posto de traballo un/ha funcionario/a con destino noutras administracións públicas, trami-

tarase o seu traslado a esta comunidade autónoma conforme o artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, e as demais disposicións concordantes.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e poderá declararse deserto o posto de traballo, de considerarse oportuno.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles se o destino anterior radica na mesma localidade do novo, e dun mes se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo. Este prazo empezará a contar a partir do día seguinte ao do cesamento, que se deberá producir dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ou desde a data en que se comunique a resolución do traslado á comunidade autónoma para o caso de funcionarios/as doutras administracións públicas.

Se a resolución comporta reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse desde o día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Oitavo.-Contra este presente orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2009.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

Denominación do posto: subdirector/a xeral de Xestión Orzamentaria e de Recursos Educativos Complementarios.

Código do posto: ED.C02.00.002.15770.001.

Dependencia: Secretaría Xeral.

Localidade: Santiago de Compostela.

Grupo: A1.

Nivel: 30.

Corpo ou escala: xeral.

Complemento específico: 21.320,17 euros.

Tipo de adscrición: A11.

Formación específica: 523-640.

Descrición de códigos:

A11-Adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA.

523-Diploma de directivo.

640-Para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego (requisito indispensable).

ANEXO II

MODELO DE SOLICITUDE

NOTA: úsese o publicado na páxina 13.485.